

No Peirao



novembro
2005

VOCEIRO DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO DE RIBEIRA

Creación de emprego *unha prioridade para o BNG*

O BNG consegue da Xunta un estudo de viabilidade para un parque empresarial.

Se tiveramos que indicar unha prioridade dentro das moitas que necesita acometer un goberno competente en Ribeira esta sería a de acadar un chan industrial que permita a **creación de emprego** e evite a **sangría emigratoria da nosa xente**. No BNG sabémolo e hai anos que lle insistimos neste tema ao inoperante goberno local. Tan pronto tomou posesión o novo goberno da Xunta, a conselleira de Vivenda e Solo, a nacionalista Teresa Táboas, recibiu unha chamada da nosa voceira, Dominga Brión, expresándolle persoalmente estas inquedanzas. Foi recibida o 25 de outubro.

Teresa Táboas mantivo un encontro coas voceiras do BNG de Ribeira e A Pobra no que analizaron as necesidades de solo empresarial nos municipios. O encontro concluíu co compromiso da Consellaría de encargarse, no prazo de 15 días, un estudo previo de viabilidade para un polígono empresarial asentado entre ambos os concellos. A zona proposta para localizar o polígono vai dende Moldes a Ribeira, en concreto no lugar de Teixoeira, na Pobra, até o lugar de Pedras Vermellas (preto de Xarás), en Ribeira.

Desde a Consellaría valorouse o feito de que exista unha alta demanda de solo produtivo por parte do empresariado da comarca e a boa accesibilidade da zona, así como outras infraestruturas e servizos.

Táboas coincidiu coas responsábeis municipais na necesidade de dotar a ambos os concellos de solo empresarial, "xa que as últimas actuacións nesta materia remóntanse a 20 anos atrás en Ribeira".



Reunión de traballo en Santiago entre Daniel Pino, Dominga Brión, Teresa Táboas (conselleira), Rosana Pérez e Manel Casal.

No encontro salientouse que a proposta das voceiras nacionalistas coincide coa filosofía da Consellaría en materia de

polígonos empresariais que deben instalarse con criterios de racionalidade e atendendo ás necesidades reais do país.

Erros de vulto

O fracaso da política de Torres durante tantos anos, unha evidencia xa para o común da cidadanía, ten que ter algunha causa orgánica. Analicémola para que, cando teñamos que actuar, o fagamos con coñecemento. No pleno do mes de setembro Torres amosou en varias ocasións un enorme descoñecemento da realidade de Ribeira, unha ignorancia supina en conceptos básicos como o que significa "saneamento integral" e mesmo unha gran prepotencia, indigna dun gobernante, especialmente virulenta contra a nosa voceira Dominga Brión.

Torres, e o PP, rexeitaron unha moción do BNG sobre a **mellora do tráfico, aparcamentos e sinalización** "por carecer de fundamento". De nada serviron as preto de 800 sinaturas coas que Dominga Brión reforzaba a súa proposta. Para Torres o caos de tráfico en Ribeira é "un bo sinal" e "malo sería se non fora así". Non foron quen de rexeitar, porén, outra proposta do BNG que reclamaba "**xestións para dotar a Ribeira de saneamento integral**" é dicir: **sumidoiros+depuración**. Aínda así, Torres foi quen de dicir que "en Ribeira xa hai saneamento integral"... Que diga isto un alcalde que en 16 anos foi incapaz de conseguir unha soa depuradora para o concello ou é unha burla ou un erro de vulto. **Así nos vai.**

Contacta con nós

barbanza@bng-galiza.org
www.bng-galiza.org/barbanza

Peirao Comercial

o estado da cuestión



O pasado día 19 a Comisión 2.^a de Ordenación Territorial do Parlamento Galego aprobou por unanimidade o seguinte acordo: “O Parlamento insta ao Goberno galego a:

1. Rematar os trámites necesarios para levar a cabo a ampliación do porto comercial en Ribeira.
2. Establecer como criterio para o seu emprazamento a menor afección posíbel á importante actividade pesqueira-marisqueira que se rexistra neste concello, avaliando con rigorosidade os impactos medioambientais que o proxecto de porto comercial pode ocasionar.
3. Establecer as compensacións ou contra-prestacións necesarias para os mariscadores prexudicados coa perda de parte das súas concesións.”

Este acordo, **acadado grazas a unha emenda proposta polo Grupo Parlamentar do BNG**, inicia un novo camiño cara á consecución dun peirao para Ribeira axeitado tanto para as novas necesidades comerciais do porto como para o respecto á riqueza marisqueira dos nosos bancos máis próximos. Este é o primeiro paso certo, serio e firme cara á consecución dun obxectivo estratéxico para o noso Concello: un porto moderno que debe aumentar a súa eficiencia e respectuoso coa riqueza natural que debemos manter e mesmo aumentar no futuro.

Este acordo é o primeiro avance, xa que non había ningún anterior. Nin no Parlamento nin en ningunha instancia administrativa do Goberno Galego. En todo caso si que habería algunha intención do anterior goberno galego, inspirada segu-

ramente desde intereses particulares e desde logo defendida polo PP de Ribeira, e que, esbozada sobre todo nalgún medio de comunicación (e nada máis, lembremos) anunciaba, en resumo: a creación dunha zona de recheo que oscilaría entre os 80.000 e os 120 000 m² que albergaría instalacións industriais e mesmo un polígono de ocio..., iso si, tamén se anunciaban compensacións económicas para indemnizar aos afectados pola perda (recoñeciase) dos bancos marisqueiros de A Insua, Lajareu e mesmo da praia e banco de Coroso. Para intentar dar un verniz democrático crearon unha Comisión que nunca chegaron a convocar. Un bluf pre-eleitoral. **TODO ISO ACABOUSE.**

O BNG mantivo sempre que o chan industrial, que o PP non foi quen de crear en 20 anos, hai que crealo nun polígono en condicións e que o porto debe adecuarse tanto ás necesidades comerciais como ás pesqueiras e marisqueiras: Ribeira non pode perder ningún destes sectores, os datos económicos de todas estas actividades aválanos! A nosa proposta foi sempre clara e contrastada cos sectores: empresariado, mariñeiros, mariscadores... Con todos mantivemos as reunións que fixeron falta para manifestar a nosa posición e escoitar a súa. Co acordo aprobado, que pensamos que cumpre coas expectativas dos sectores implicados e, en xeral, da cidadanía, iníciase un camiño serio e transparente que debe conducir (aínda hai moito que facer) a lograr para Ribeira un importantísimo avance no desenvolvemento sostible do seu porto.

Co esforzo de todas e de todos pero sen o sacrificio de ninguén.

Pola mellora das escolas públicas en ribeira

MOCIÓN DO BNG PARA A MELLORA DAS ESCOLAS PÚBLICAS DE RIBEIRA. Os centros públicos do noso Concello arrastran unha serie de deficiencias desde hai varios (nalgúns casos moitos) anos. Así o demostran os datos proporcionados polo propios directores e directoras dos centros.

O BNG solicitaba a instalación de zonas cubertas nos patios

A moción presentada polo Bloque Nacionalista Galego **que, por certo, foi rexeitada polo grupo do PP** baseándose en argumentos tan sólidos como que “cada ano gastamos máis” ou “as obras vanse facendo cando se pode”, demandaba entre outras cousas a limpeza dos cristais, dos patios; o arranxo de peches exteriores, ou a instalación de zonas cubertas nos patios de recreo para que as nenas e os nenos non teñan que ficar na aula cando chove.

Que pasa co rexistro civil?

O BNG SOLICITA A MELLORA DO REXISTRO CIVIL DE RIBEIRA. A falla de persoal, principalmente, está a producir atrasos intolerables na Oficina do Rexistro Civil. Tárdanse meses na tramitación de matrimonios e prodúcense longas esperas para obter certificacións de nacemento, fe de vida ou defunción. Pensamos que a mellora deste servizo eliminaría múltiples incomodidades á cidadanía, polo que agardamos do goberno de Torres se avena ás razóns da nosa proposta para a súa aprobación en Pleno.

Avanzando cara a normalización

RESPECTO PARA A LINGUA. O Goberno Municipal requerirá das empresas que traballen para o Concello o uso do galego nas súas relacións coa entidade municipal. O Pleno aprobou, por unanimidade, unha iniciativa do Bloque Nacionalista Galego neste sentido.

Lonxa de Ribeira: **cumprir a lei**

O PP REXEITOU UNHA MOCIÓN DO BNG QUE SOLICITABA AO GOBERNO MUNICIPAL MELLORAR O FUNCIONAMENTO DA LONXA. “A lonxa funciona ben” –afirman.

A lonxa de Ribeira é, a día de hoxe, un dos principais centros de actividade económica do Concello. A riqueza que xira arredor dela é a principal fonte de recursos económicos de centos de familias. As administracións, tanto a autonómica como a municipal (e a través delas toda a cidadanía), nútrense tamén directamente desta gran riqueza.

Interésalles pois, tanto á cidadanía como ás propias institucións, que o funcionamento e organización da lonxa sexa óptimo. Os propios usuarios e usuarias son coñecedores e padecen en carne propia os graves trastornos que se derivan do seu mal funcionamento. Trastornos que atinxen tanto a cuestións de competitividade como de desigualdade de oportunidades na compravenda e, xa que logo, tradúcense en cuantiosas perdas económicas. Estas últimas tamén lles afectan ás administracións e, polo tanto, a todos e todas nós. Ademais, non son menos importantes as molestias ocasionadas aos usuarios e usuarias pola presenza sen control de persoal alleo (turistas, visitantes)



que esta lonxa non ten capacidade de acoller aínda que sería desexábel que a futura lonxa o contemplase. Por iso, o Grupo Municipal do BNG solicita o apoio da Corporación para adopción do seguinte **ACORDO**: Que, en tanto Ribeira non dispoña dunha nova lonxa, se tomen as medidas necesarias para que o funciona-

mento da lonxa en canto a controis de tipo hixiénico-sanitario, de transaccións económicas, etc., se realicen de acordo coa normativa vixente e cumpríndoa.

Se os propios usuarios/as se queixan, por que o PP ten medo a mellorar a xestión da Lonxa? Ata cando manter unha situación tan precaria?

Goberno do PP: **nin nada nin garda a roupa**

U nha instalación que presta un servizo tan importante a gran cantidade de poboación de Ribeira e da comarca da Barbanza, que acolle gran cantidade de actividades deportivas e formativas, co excelente traballo do Clube de Natación, non está a ser aproveitada en todo o seu potencial. Nin moito menos. As queixas dos usuarios e usuarias son masivas e constantes. **Que sucede?**

A sauna, moi demandada, estivo catro meses sen funcionar. Aínda así, Manolo Ruíz foi quen de dicir no Pleno que “*se non funciona non se usa e polo tanto non se cobra e non pasa nada*” cando debera saber que hai xente que pagou ata **78 €** por todo o ano polo dereito a usar sauna, piscina e ximnasio. **¿Vanlle devolver os cartos?**

A carón da propia piscina, estase construíndo unha segunda piscina. Esta obra

leva meses parada, e non sabemos as razóns. O goberno municipal debe tomar cartas no asunto e asumir as súas obrigas poñendo todo o necesario da súa parte para que se remate canto antes esta



obra que permita repartir a carga de usuarios e usuarias entre os dous vasos.

Esta parálise da posta en marcha da nova piscina, evita que se poidan instalar todas as placas solares das que se dispoñen no concello e que abastecerán de

enerxía as instalacións deportivas da Fieiteira. Cando estean funcionando estas novas fontes de enerxía renovable suporán un importante aforro na factura eléctrica dos recintos deportivos. Máis isto do aforro non lle debe interesar moito ao PP cando non axiliza os trámites para quitar a obra adiante.

Máis inoperancia: o ximnasio do pavillón da Fieiteira case non se usa debido a que ten un horario de apertura escaso, xa que non hai persoal cualificado que o poida atender; a pista de atletismo, instalada non hai moito tempo e que valeu tantos cartos, está abandonada e deteriorándose a marchas forzadas. Son probas claras do abandono das instalacións deportivas e, en xeral, do deporte por parte do goberno Torres.

É este o goberno de eficacia que nos prometera o PP?



Mulleres e violencia

Segue a ser necesario un toque de atención no **25 de novembro**, 'Día da Non Violencia Contra As Mulleres', que remova as consciencias mentres non sexamos capaces de rematar con esta lacra social. É preciso que individual e colectivamente nos involucremos, e é imprescindible que as Administracións poñan os medios e medidas para previr, paliar e rematar coa violencia contra as mulleres: medios e medidas que son un obxectivo prioritario nas políticas de igualdade que se están levando a cabo dende a Xunta e que son responsabilidade directa do BNG dende a Vicepresidencia e a Secretaría de Igualdade.

Novas breves, mais importantes

OLVEIRA: vertedoiros

O BNG esixiu do Goberno Municipal a urxente retirada dun vertedoiro no lugar da Xunqueira. Pese a que a situación xa era coñecida polo goberno municipal, foi a protesta dun grupo de veciños e a intervención do BNG a que motivou a retirada do lixo. Se hai unha empresa que cobra por facer este traballo, por que o Alcalde, sabedor do caso, non ordenou antes a retirada do lixo? Desinterese? Incompetencia? Ou as dúas cousas?

Auga para todos

Pese ao que andan a dicir as malas linguas, as obras de traída de auga deberan permitir que todas as casas desta parroquia dispoñan deste servizo sen necesidade de pedirlle favores a ninguén.

Cruceiro do Viso



O BNG solicitaralle ao goberno municipal o adecentamento do cruceiro do Viso e o seu entorno. Este cruceiro de capela, moi frecuentado polos veciños, ten un indubidable valor arquitectónico e histórico, por atoparse no seu subsolo enterramentos que ao parecer datan de tempos da guerra civil ou anteriores.

CARREIRA: lagoa de Vixán

Ana Pontón, deputada do BNG no Parlamento Galego, ven de presentar unha iniciativa reclamando ao Goberno actuacións tendentes a mellorar o estado da Lagoa de Vixán, moi afectada pola seca e a colmatación. Tamén presentou outra na que demanda melloras na indemnización por danos causados polo xabaril.

ARTES: o alcalde non cumpre

O Sr. Torres dixo no pleno de setembro: "Este Alcalde cumpre de sobra con esa parroquia". Será porque as únicas obras que se fixeron en Artes foron as obrigadas polo famoso "convenio". Será porque o valor dos terreos cedidos por Artes supera con moito o das obras realizadas. Aínda vai resultar que é a parroquia a que non cumpre con Torres e por iso converteu a canteira de Xarás nun vertedoiro incontrolado de lixo. Se o fixera un particular abofé que pagaría unha boa multa.

AGUIÑO: aparcadoiros

Pese ás insistencias do BNG e a ter sido aprobada en Pleno a nosa proposta de dotar de aparcadoiros á Rúa Francisco Lorenzo Mariño, o goberno do Partido Popular segue sen mover un dedo para respectar aquel acordo Plenario. ¿Teremos que volver a lembrarllo?

PALMEIRA: o PP non cumpre

Que acontece co arranxo da rúa Estei-rón e cos accesos á praia da Corna? Esqueceuse o goberno do PP das promesas feitas por iniciativa do BNG, ou xa non se lembran onde queda Palmeira?

DOMINGA BRIÓN



Avanzando na creación de emprego

Aposta pola **creación de emprego** no noso concello, na comarca e no país para **poñerlle freo á precariedade laboral e á sangría da emigración**, foi e segue a ser un dos nosos compromisos máis importantes.

Temos demandado reiteradamente a ampliación de chan industrial en Ribeira, tanto para incentivar a creación de emprego como para poder trasladar as empresas fóra dos núcleos de poboación, algo que tantos problemas lle ocasiona á cidadanía, sen que o PP, en 18 anos de goberno municipal, con 16 anos na Xunta e 8 en Madrid, dera resposta a esta demanda social. Con vén lembrar, ademais, que se a realidade de Ribeira é a que é, temos que agradecerlle aos gobernos do PP que non foron quen de resolver en todo este tempo eivas que agora pretenden que o novo executivo solucione en menos de 100 días de goberno. O que hai que ver!

O cambio de goberno na Xunta trouxo un raio de luz e esperanza a unha demanda social beneficiosa para toda a nosa cidadanía. O BNG, consecuente cos seus compromisos, solicitou unha reunión coa conselleira de Vivenda e Solo, a nacionalista Teresa Táboas, para trasladarlle unha proposta para a creación de chan industrial, un clamor en toda a sociedade de Ribeira e que en máis dunha ocasión comentamos con distintos sectores sociais.

Fixémolo dende a **lexitimación** que nos dá un importante **apoio nas urnas**, e sabedores de que nin o alcalde, nin ningún membro do goberno do PP tiña solicitada entrevista sobre un tema crucial para a nosa economía como é este. Polo tanto, **non estamos suplantando a ninguén, simplemente fixemos algo que quen o tiña que facer non se molestou sequera en intentalo**. Dende o BNG non imos consentir que a incompetencia e inoperancia dun goberno caduco e cun proxecto esgotado, como o do PP de Ribeira, supoña un freo ao desenvolvemento económico sustentábel que demanda a cidadanía e polo que aposta o BNG.

Cando a consellería de Vivenda e Solo teña o **resultado do estudo previo de viabilidade**, que agardamos que sexa positivo, será ela mesma a que se encargue, como considere máis oportuno, de presentarllo, non ao PP nin ao BNG, senón á **ciudadanía de Ribeira, primeira beneficiada e á que si lle debemos lealdade**.